

NARRATIVA

A emoción das lembranzas

Fernández Naval presenta *Unha cita co aire*Título: *Unha cita co aire*.

Autor: Francisco X. Fernández Naval.


Editor: Galaxia.

Fernández Naval desafiou un dobre reto ao escribir *Unha cita co aire*. Primeiramente o de transmitir esa indefiníbel emoción das cousas que foron o centro da nosa vida e agora non son máis que unha lembranza que se cadra xa non sabemos nin entender ben, envolveitas nese clima de frío estrañizante que xera o paso do tempo.

E, a pesar de todo, facelo deixando no lector a semente da esperanza. Veláí que puxera moito coidado en que as personaxes (e nelas, como na vida, non cabe facer distincións entre boas e malas) transmitiran esa calor da que vimos falando. Esa emoción transmítina as personaxes que acoden á mente cansa de Gabriel, como consecuencia de recibir unha inagardada encomenda que, sen pretendelo el, vai propiciar que as lembranzas acudan, quizais na tentativa de saldar contas ou de pechar feridas que aínda supuran.

Certo que isto xa se ten lido moitas veces, polo que o autor se viu na necesidade de retorcerlle o fociño ao demo. As lembranzas van acudindo fragmentariamente, caprichosamente, sen gardar unha orde lóxica. A súa aparición racha a frialdade anímica do momento, do existir de Gabriel, un pasar os días sen outra esperanza que non sexa a de que pasen sen

As lembranzas aparecen debuxando unha liña discontinua, caprichosamente.



Francisco X. Fernández Naval.

MARIBEL LONGUEIRA

mancar, sen dolor. Rachan esa frialdade e confiren emoción á novela. Para o cal aproveita moito o feito de que teñan como centro algunha figura feminina (Mercedes, Iolanda, Ánxela, Elisa, Elvira, Alexandra...), algunha figura de muller que garde algún misterio; ou, cando non é así, que teñan algunha relación coa música, pois o jazz (Larry e Sarmiento tocan jazz), con ese aire decadente e sentido que o impregna, tamén se presta moito axeitadamente ao caso.

Mais, como dicimos, as lembranzas aparecen debuxando unha liña discontinua, caprichosamente, de xeito que a segunda

parte do reto que antes mentamos, consiste en que esa emoción abonde para manter o interese dunha trama que ten na lembranza o seu fulcro. Pois cando estamos colléndolle ese sabor entre melancólico e un algo dramático, chega o devalo que nos vai deixar instalados outra volta no presente, co perigo que esta ruptura representa ao retirar o doce da boca cando máis gorenta e despois permitir só lambetadas. E é de sinalar nisto a pericia con que está solventada a estratexia dos saltos temporais, unha das traves na que asenta o peso da novela, concebíndose o discurso como un plano sobre o cal

se superpón, intermitentemente, esoutro da lembranza, do tempo pasado que acode á mente e se mestura, case se confunde, coa actualidade, unha actualidade, por outro lado, monótona, minimamente evolutiva.

A outra trabe son as personaxes, que presentan un desenvolvemento obviamente dependente da estratexia fragmentarista adoptada. As dúas personaxes principais (Gabriel e Abelardo) son o auténtico catalizador da trama, en tanto as demais aparecen na historia en función delas. Deste xeito fica no lector a impresión de que a novela concibe a vida como unha sucesión de fugas, cada unha das cales achega algo que semella, no momento, enchela e que finalmente deixará o mesmo oco, o mesmo sabor agre e melancólico de todas as outras. A crenza de que a vida é iso, un encadeamento de oportunidades perdidas, ben puidera dar nun estado no que a insatisfacción e a amargura coutasen, impedisen calquera tipo de esperanza. Téñase en conta, para máis, que Gabriel e Abelardo son dúas personaxes ás que as circunstancias da vida xuntou, mais non teñen demasiadas cousas en común máis alá das experiencias compartidas, mesmo chegan a partillare parella amorosa nalgunha ocasión, e a ruptura entre eles vai resultar traumática.

Despois do que levamos dito, se a novela fose pouco vitalista non sería de estrañar. Porén é ben ao revés, ou ben resignadamente ao revés. Resulta vitalista porque dificilmente outra opción hai que resulte satisfactoria sequer parcialmente. A vida será como será, mais hai que vivila. ♦

XOSÉ M. EYRÉ